

O moí Nobre e Leal club The Cutarc Team,
reuníndose en solemne xunta facendo
alarde de escaso sentido común
inversamente proporcional ao seu sentido
do humor,
empraza ás Vosas Mercés ao torneo de
xustas e xornada de convivencia

II Torneo “542” Cutarc Style

que terá lugar en A Coruña (cabeza, garda e
chave, forza e antemural do Reino de
Galicia) o oitavo día do mes de agosto do
ano do noso señor MMXXVI

Bases

Regulamento

O torneo, menos polo especificado nesta convocatoria, regularase pola normativa World Archery.

Número de prazas disponibles

24 equipos, compostos por entre 3 y 6 arqueiras/os

Modalidades e Categorías participantes

- Modalidades

Modalidad Mixta (dentro de cada equipo poderá haber arqueiras/os Recurvos, Tradicionais (sen distinción de tipo de arco) e Compostos)

- Categorías

Categoría única sen distinción de sexo (dentro de cada equipo poderá haber arqueiras/os Benxamíns, Alevíns, Infantís (U15), Cadetes (U18), Júniors (U21), Seniors e Veteranos (+50))

Distancias e Dianas

DISTANCIAS	DIANAS
50 metros	80 cm
30 metros	80 cm
18 metros	122 cm

Desarrollo

- Os equipos poderán estar formados por arqueiras/os do mesmo ou de distinto club. Sen limitación a este respecto.
- Sempre ten que haber un membro do equipo competindo durante as 10h da competición (excepto na pausa para a comida)
- Tirarase como mínimo 1 vez a cada distancia (36 flechas, en turnos de 6 flechas e 3 minutos de tempo). O número de veces totais dependerá do tempo disponible.
- Durante a competición haberá xogos sorpresa
- Dado que os equipos poden ser completamente mixtos, establece o seguinte sistema de compensacións en función da distancia, idade e modalidade de tiro:

TRADICIONAL			
	Benxamín / Alevín	Infantil	Cadete/Júnior/Senior/Veterano
50m (Diana 80cm)	+120 puntos	+100 puntos	+80 puntos
30m (Diana 80cm)	+20 puntos	+10 puntos	
18m (Diana 122cm)	+10 puntos	Invertida	Invertida / -10 puntos

RECURVO			
	Benxamín / Alevín	Infantil	Cadete/Júnior/Senior/Veterano
50m (Diana 80cm)	+50 puntos	+10 puntos	
30m (Diana 80cm)	+30 puntos		-10 puntos
18m (Diana 122cm)		Invertida / -10 puntos	Invertida / -20 puntos

COMPOSTO			
	Benxamín/Alevín	Infantil	Cadete/Júnior/Senior/Veterano
50m (Diana 80cm)	+10 puntos		-40 puntos
30m (Diana 80cm)		-10 puntos	-60 puntos
18m (Diana 122cm)	-10 puntos	Invertida / -20 puntos	NO DISPONIBLE

- As/os arqueiras/os de composto de categorías Cadete (U18), Júnior (U21), Senior e Veterano (+50), non poderán tirar a 18 metros; polo que un equipo non poderá estar formado únicamente por arqueiras/os de esta modalidade e categorías.

Trofeos

Haberá trofeos para os tres primeiros equipos clasificados.

Algúns dos xogos sorpresa desenvolvidos durante a competición terán o seu propio premio.

Lugar de Celebración



Campo de Fútbol A Zapateira - Rúa Venecia, 7, 15174 A Coruña

<https://maps.app.goo.gl/bsFF4PKe9fiDUfJ88>

Horarios

Sábado 8 de agosto de 2026

09:00 _ Recepción de arqueiras/os, apertura de campo e quecemento

09:30 _ Comezo da competición.

14:00 _ Pausa para comer.

15:00 _ Reanudación da competición.

19:30 _ Fin da competición.

20:00 _ Entrega de trofeos e merenda.

(entre as 09:30 e as 14:00 darase un pequeno almuerzo)

Inscricións

A **inscripción** para o torneo abrírase no momento da publicación da convocatoria e manterase aberta ata las 23:59 do 2 de agosto de 2026.

Realizaranse **cubriendo o formulario** ao que se accede dende o seguinte enlace:

<https://forms.gle/oQMY2u5noxMLm1kv9>

No caso de que se superen las prazas existentes, os equipos que excedan ese cupo quedarán en lista de espera e poderán ocupar unha praza en caso de que se produza alguna baixa, sempre por orden de inscrición.

Se queres **participar pero non consigues crear equipo**, poder **anotarte nesta lista de espera** que usaremos despois para tratar de incorporarte a uno dos equipos existentes:

<https://forms.gle/mkikTLRo7DZMjwLi9>

Precios

Arqueiras/os: **30 euros** (inclúe inscrición, almuerzo, comida e merenda)

Acompañantes comida: **15 euros** (inclúe almuerzo, comida e merenda)

Efectuarase o pago por transferencia á seguinte conta ao nome do club The Cutarc Team:

OpenBank
ES2100730100580505269199

Prégase que se realice un único pago por equipo participante para facilitar os trámites, aínda que non é estrictamente necesario.

As prazas iranse confirmando a medida que vaíamos recibindo as inscricións e previa recepción do comprobante de pago no email de The Cutarc Team e do formulario de inscrición. Non se admitirá a participación de equipos cuxa praza non esté confirmada previamente.

Debido ás características do Torneo, as baixas de última hora perxudican aos demás equipos, polo que rogamos nos avisedes das posibles baixas canto antes.

Mentras o período de inscrición esté aberto, devolverase o diñeiro de aquelas/es arqueiras/os e/ou acompañantes que se den de baixa. Unha vez pechada a inscrición, só se devolverá o diñeiro da mesma ás/ós arqueiras/os se se cubre a praza do equipo ou a sua praza dentro do mesmo, e en ningún caso se devolverá o diñeiro das/dos acompañantes.

Aqueles clubs que o desexen, poden solicitar certificado de pago da inscrición que lles será entregado o día da competición e só ese día.

Control de Asistencia

As persoas acompañantes situaranse detrás da zona delimitada con vallas durante a competición.

Aqueles equipos que desexen ter monitores na liña de tiro, poden comunicalo cubrindo o formulario ao que se accede dende o seguinte enlace:

<https://forms.gle/hknnEj56DPDFWcsA7>

Contacto

Para cualquera duda que poida surxir podedes poñeros en contacto connosco polos seguintes medios:

Teléfono 648134696

Mail: thecutarcteam@gmail.com

Información de interés

Zonas de aparcamiento

ZONA 1 (roxa): O campo de fútbol dispón de 16 plazas de aparcamiento para coches, das cales 1 plaza está reservada para persoas de mobilidade reducida, e tamén conta con aparcamento para motos.

ZONA 2 (azul): Ademáis, a continuación de dito parking, existe unha pequena zona onde tamén se pode aparcar.

O camino delimitado por cruces é únicamente de tránsito peonil.



ZONA 3 (amarela): Tamén existen prazas de aparcamento fronte ao “Colexio Andaina”.



ZONA 4 (verde): E existe, tamén cercana, outra zona con moitas prazas de aparcamento nas universidades.



Hoteles cercanos

Hotel Rialta

<https://www.booking.com/Share-OD7Psf>

Residencia Universitaria Resa Siglo XXI

<https://www.booking.com/Share-taBN1P>

Attica21 Coruña

<https://www.booking.com/Share-gnW6Lru>

Hotel Carris Marineda

<https://www.booking.com/Share-V06MTzl>

No caso de que alguén necesite permiso de acampada para eses días, por favor, que se poña en contacto connosco canto antes a través de thecutarcteam@gmail.com para estudar a posibilidade de realizalo no campo da competición.

Gustaríanos, por último, agradecer a sua colaboración:

Concello de A Coruña



Deputación da Coruña

